

MAR POR MEDIO
III XORNADAS DE CULTURA GALEGA:
UNHA VISION DESDE A UNIVERSIDADE BRITÁNICA
RIBADEO, 1994

CONCERTOS

Igrexa Parroquial
9 da noite

Xoves 28 de Xullo

QUINTETO ROSSINI

VENRES 29 DE XULLO


BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

Francisco Xavier Vidal Suárez, Clarinete
Estrea absoluta do paso-dobre *Mar por médio*, de Hernán Naval

Colabora: Parróquia de Santa María do Campo



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO



Quinteto de cordas «Rossini»

P R O G R A M A

I

Sonata n.º 1 en Sol Maior

(das Seis Sonatas a Catro, para dous Violinos, Violoncello e Contrabaixo) G. Rossini

- I. Moderato
- II. Andantino
- III. Allegro

Cinco danzas alemanas con Coda e sete Trios F. Schubert

Valses A. Dvorák

- Nº 1 en La Maior
- Nº 4 en Re Maior

II

Quinteto en Sol Maior, Op. 77 A. Dvorák

- I. Allegro con fuoco
- II. Scherzo. Allegro vivace
- III. Poco Andante
- IV. Allegro assai. Finale.

Víctor Ardelean e Pavel Crisan,
Violinos

Alan Kovacs,
Viola

John Paul Friedhoff,
Violoncello

Andrzej Karasiuk,
Contrabaixo

Banda Municipal de Ribadeo

P R O G R A M A

- Pompa e circunstância. Marcha n.º 1* E. Elgar
Concertino Op. 26 para Clarinete C.M. von Weber
Adagio T. Albinoni
Variacións para Clarinete G. Rossini
Pompa e circunstância. Marcha n.º 4 E. Elgar
*Mar por médio (Paso-dobre)** Hernán Naval

Hino inglés

Hino galego

*Francisco Xavier Vidal Suárez,
Clarinete***

*Hernán Naval,
Director*

* Estrea absoluta.

** No *Concertino* de Weber e nas *Variacións* de Rossini.

Estrea de Hernán Naval

Mar por médio

A alteración rítmica do tempo de paso-dobre cun recorrente cinco por oito ao comezo, xusto no médio e no final da obra; unha variación rítmica, harmónica e melódica sobre un coral de Bach pertencente á *Paixón segundo San Mateo*, en simultaneidade politonal cunha cita do Hino inglés en modo menor, e un trio e un finale grandioso donde se quer deixar sentir o peso da tradición bandística e da Terra.

Cinco por oito, compás dispar; variación, harmonia, coral, Bach...; politonalidade!, modo menor? Uns conceptos, unha linguaxe, recoñecémolo, un punto técnica de máis. Pero o parágrafo anterior dá, moi en síntese, as claves de escoita do paso-dobre sinfónico *Mar por médio*, que se estrea no concerto de clausura das xornadas do mesmo nome pola Banda Municipal de Ribadeo. Unha explicación máis profana e intelixíbel non cabe nesta folla. Mais quen escoite perceberá que se racha, por veces, a regularidade facilmente bailábel dos paso-dobres tradicionais; crialle inquedanza (ou reticencia) a mestura dunha sonoridade coral barroca, cun par de articulacións do *jazz*, cun agachado Hino inglés que non soa como o orixinal por iso, porque está transcripto ao modo menor; paso-dobre, paso-dobre..., ao final.